

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA 15 DE ABRIL DE 2004**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Don José María Laya Carril (CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Interventora

Dona Marta Roca Naveira

Secretario:

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día quince de abril de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a totalidade dos membros que de feito e dereito compoñen a Corporación municipal, concelleiros don Miguel Anxo Abreira Sobrado; don Antonio Cortizas Rodríguez; don José María Laya Carril; dona M^a Rosario López Manso; don Juan José Herva Mallo; don Antonio Medín Pena; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Luis Purriños Pena; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Jesús Veiga Sabín e dona Eva María Vilariño González.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia, o Sr. Cortizas Rodríguez manifesta que debe constar en acta o que manifestou na sesión anterior, que o PSOE nunca estaría de acordo en eliminar a estrada da praia; e non habendo outras observacións, a acta da sesión anterior, correspondente ao día 22 de marzo de 2004, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓN E DECRETOS DA ALCALDÍA DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.- Dáse conta e quedan informados das resolucións dictadas pola Alcaldía desde a última sesión ordinaria núm. 55/04 aprobando o expediente de incorporación de remanentes de crédito ao orzamento vixente e 64/04 a 139/04 ambas as dúas incluídas, referentes a persoal, contratación de persoal, pagamento de gastos de funcionamento dos grupos políticos, autorización festas, sancións de tráfico, solicitar axudas para a contratación de traballadores desempregados, aprobación da liquidación do Orzamento de 2003, iniciar trámites para a contratación de obras, adxudicación de obras da gardería, expedientes de disciplina urbanística, axudas de estudio a funcionarios, aprobar proxecto de implantación da Axenda Local 21 e adhesión á Carta de Aalborg, aprobar padrón fiscal de recollida do lixo 2004 e que se expoña ao público e que se proceda á inscrición no Rexistro municipal de asociacións de veciños ás que o solicitaron co número que lles corresponda, así como os decretos de contas núm. 14/03, 15/03 e 1 e 2/04, todo o cal estivo a disposición dos señores concelleiros para o seu exame.

3.- CONTROL DO EQUIPO DE GOBERNO.- MOCIÓNS.- O concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE entrega aos voceiros dos grupos municipais, un dossier sinalando que se trata dun informe para que estudien a posibilidade de crear un rexistro municipal de parellas de feito.

- O Sr. Veiga Sabín dá lectura á seguinte moción: "O cese dos 12 membros do GRUMIR e a eliminación no orzamento das tres prazas convocadas polo anterior Goberno Municipal, aboca a este servizo a unha situación moi grave. Das actuacións e traballo deste grupo dependen moitas veces os bens materiais e incluso a vida das persoas, polo que precisan dunha grande experiencia e preparación, cualidades que abundaban nos anteriores compoñentes. Por este motivo, propoñemos que o Grupo de Goberno arbitre os medios oportunos para que, como mínimo algunhas desas persoas poidan continuar, dotando así ó novo grupo dunha capacidade e experiencia imprescindibles para a súa labor."

Sometida a votación a urxencia, dá o seguinte resultado: abstense o concelleiro do BNG, Sr. Abraira Sobrado e votan a favor os doce membros restantes da Corporación; polo que se entra a debater esta:

A Presidencia manifesta que a situación foi creada pola Xunta de Galicia, estes grupos fináncianse con fondos procedentes da UE destinados a formación e non se poden aplicar a financiar contratacións de persoal; hai nos grupos GRUMIR profesionais capacitados para desenvolver o seu labor e todos os concellos que temos GRUMIR estamos na mesma situación; nas reunións que tivemos, os alcaldes insistiamos que a Xunta financiase a contratación deste persoal, e isto non é posible; a Deputación subvencionará a contratación de tres persoas, e os demais non poden ser contratados. Replica o Sr. Veiga Sabín dicindo que se non é viable convocar esas tres prazas, por qué anulou do Orzamento municipal as tres prazas que nós consignamos, porque sabiamos o que ía ocorrer, estaban todos os Concellos que dispoñen de GRUMIR avisados e o PP tiña este tema solucionado, tres prazas con consignación no orzamento e tres máis con fondos da administración coa consecución da motobomba, pero se pregunta ¿por que chegamos a esta situación? e di, polo orgullo e a prepotencia do grupo de goberno, e non dirá agora que non nos ofrecéramos máis dunha vez para darlle información de todos os temas pendentes, por iso se non é viable convocar esas tres prazas e que se cubrirían con persoal preparado, solicitamos que polo plan da Deputación se contraten tres prazas todo o ano e o resto cubrilas con fondos do Orzamento municipal, mediante un suplemento de crédito, retirando diñeiro da partida millonaria de festas. Continúa dicindo, quero desde aquí felicitar a todos os membros do GRUMIR, aos actuais e aos anteriores, persoal cunha grande formación, efectivos e traballadores, cun GRUMIR do mellor de Galicia; para que isto non volva suceder en calquera tema municipal; solicitamos unha maior información e participación; así como unha maior discusión dos temas municipais. Agora que se cumpren 25 anos de democracia municipal, é cando Vde ten secuestradas as comisións, a discusión, coa contribución e a colaboración en riqueza democrática.

A Presidencia sinala que o problema xéao a Xunta de Galicia, e agora queren trasladalo a outros, cando foron eles os que fixeron unha planificación absurda, xa que se querían financiar con fondos de Europa de formación, e con estes soamente poden estar contratados un ano, e ao seguinte hai que contratar a tres persoas, co que os coñecementos dos que asistiron a cursos para formarse non poden utilizarse, solucionaremos o problema como os demais concellos, xa que todos estamos na mesma situación.

O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado indica que temos que entender que a contratación realizárase co cumprimento da lexislación para o efecto; ao que contesta a Presidencia que por suposto.

Sometida a votación a moción, fano a favor os cinco concelleiros do PP, abstéñense os concelleiros do PSOE e BNG e votan en contra os seis membros da CIM, polo que por maioría se desestima.

- O mesmo concelleiro Sr. Veiga Sabín do PP dá lectura ao seguinte: "A incorporación de tres novos axentes da Policía Local e a contratación de tres auxiliares para o período de verán, eleva a plantilla a un total de 9 axentes. Dado que nos meses

de verán aumenta sensiblemente a poboación e tamén a actividade nocturna, propoñemos ó Grupo de Goberno que arbitre os medios precisos para o establecemento de turnos de garda durante as noites."

Declárase a urxencia por unanimidade. A Presidencia manifesta que se está debatendo non contratar os auxiliares, xa que se damos vacacións durante o verán, non imos contratar para este tempo. O Sr. Abreira do BNG, indica que debe engadirse "na medida do posible". A moción apróbase por unanimidade.

- O Sr. Veiga dá lectura ao seguinte: "Debido á situación de deterioro que se observa no lugar de Ponte do Porco, propoñemos ó Grupo de Goberno a realización das seguintes obras:

Restauración do valo do parque infantil.

Limpeza do areal e do canal da pasarela

Valado da casa, en estado ruinoso, dos Etchevarría

Restauración de beirarrúas

Retirada dos coches abandonados

Saneamento, beirarrúas e iluminación na Barrosa (esta obra xa foi contratada polo anterior Grupo de Goberno Municipal)."

Sometida a votación a urxencia, fano a favor sete, os cinco concelleiros do PP e os do BNG e PSG-PSOE e en contra os seis membros da CIM, polo que se debate e votará esta:

O Sr. Abreira do BNG manifesta que está disposto a votar a favor se se inclúe o engadido "na medida do posible".

A voceira da CIM dispón que estamos esperando que a empresa TRAGSA, á que se adjudicou a reparación de camiños, coloque os bordes e aos tubos na obra da Ponte do Porco, para que o adxudicatario das beirarrúas execute a obra.

A Presidencia indica que se trata dunha obra que nós non contratamos.

A moción é aprobada por unanimidade.

- O concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado dá lectura ao seguinte escrito: "Don MIGUEL ANXO ABRAIRA SOBRADO, como Concelleiro Portavoz do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO de Miño, EXPÓN: En diversas ocasións da pasada lexislatura este concelleiro dirixiuse a este Pleno, para que o concello se dirixise ao goberno central para demandarlle unha serie de melloras e obras que imprescindibel acometer no noso territorio municipal.

Na actualidade a situación política tanto do goberno municipal como no goberno do estado mudaron polo que se fai imprescindibel retomar as vellas iniciativas antes mentadas para nun prazo de tempo curto se solventen diversas carencias de competencia do goberno central.

Faise imprescindibel que o Goberno Central tome cartas no asunto na desaparición do areal da Praia Grande de Miño así como da recuperación medioambiental desta praia e das súas marismas.

É necesario, tamén, que a citada recuperación contemple unha dobre entrada-saida da autoestrada A-9 que una este vial coa N-651 sen necesidade de ter que sair na Praia Grande e sen necesidade de ter que cruzar polo meio da Vila de Miño.

Outra necesidade perentoria é demandar do Goberno do Estado que se revise e se fagan modificacións na N-651 ao seu paso por Leiro dado que as obras que fai pouco ali se remataron deixaron ao viciños e viciñas desta parróquia con verdadeiras molestias sociais e mesmo económicas.

Por último dentro do paquete de medidas que o concello de Miño ten que demandar ao novo goberno central e imprescindibel que se contemple a unión do lugar da Ponte do Porco coa Vila de Miño cun paso subterráneo na vía do tren así como a posta en marcha dun servizo de cercanías deste meio de comunicación que contemple Miño como unha das súas parada obrigadas.

Por todo o antedito:

PROPONSE:

Que o Concello de Miño se dirixa a novo Goberno Central para solicitar:

Primeiro.- Que se tomen as medidas correctoras necesarias para a conservación e recuperación medio ambiental das Praia Grande de Miño e das súas marismas.

Segundo.- Que se dote nas proximidades da Vila de Miño á A-9 dunha dobre entrada-saída que estexa enlazada coa N-651 para que non haxa necesidade de saír na Praia Grande nen de cruzar a Vila de Miño.

Cuarto.- Que se substitúa a pasarela peatonal da vía do tren que une a Vila de Miño coa Ponte do Porco por un paso subterráneo para vehículos e se poña en marcha un servizo ferroviario de cercanías entre Coruña-Ferrol que contemple a Vila de Miño nas súas paradas.

Quinto.- Que se celebre unha xuntanza entre o Goberno Central, Concello de Miño e veciños de Leiro para ver de realizar as modificacións pertinentes na N-651 ao seu paso por Leiro. Miño, 15 de marzo de 2004."

Sométese a votación a urxencia co seguinte resultado: votan a favor os concelleiros do BNG, PSG-PSOE e CIM, en total oito votos e abstéñense os cinco membros do PP, polo que a urxencia se aproba.

O Sr. alcalde manifesta que o grupo de goberno está mentalizado de que hai temas que temos que resolver e son necesarias actuacións que ha de executar o goberno da Nación, pero toda vez que este goberno cambiou, debemos esperar algún tempo para presentalos; son problemas como os sinalados que deben ser comentados e discutidos e unha vez aprobados co maior consenso posible, remítilos cun peso suficiente para que se teñan en conta e por iso imos votar en contra. Replica o concelleiro do BNG Sr. Abaira indicando que vai manter a moción, xa que son temas fundamentais para o municipio de Miño e débeos resolver o goberno central, en todo caso, imos pedir que quede sobre a mesa. A Presidencia contesta que se traslada á Comisión de Grandes Proxectos, xa que calquera petición deste tipo debe discutirse e informala a dita comisión.

Sometida a votación a moción, deu o seguinte resultado: votan a favor os concelleiros do BNG e PSG-PSOE que suman dous votos; en contra os seis membros da CIM e abstéñense os cinco concelleiros do PP, polo que queda desestimada, sen prexuízo de que se discuta na Comisión Informativa de Grandes Proxectos, e se propoña o que estimen procedente.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.- O Sr. Veiga Sabín dá lectura ao seguinte rogo: "Á vista das cuantiosas cifras que se están a pagar ós membros do Grupo de Goberno en concepto de dietas de desprazamento, que dende a toma de posesión xa pasan dos 14.000 Euros, o que supón máis de 200 viaxes, pedimos que se nos facilite por escrito unha mellor información sobre os mesmos, tal como a data e a xestión a realizar".

Contesta a concelleira Sra. Vilariño González sinalando que non teñen ningún problema niso, ten á súa disposición toda a documentación que poden examinar cando o estimen oportuno.

- O concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez dá lectura ao seguinte rogo: "se tomen as medidas e se realicen as xestións oportunas, ante a chegada de época estival, para que non se volvan a producir os cortes de abastecemento de auga, que sufriron os veciños de Miño o pasado verán, xa que as obras a realizar e propostas nunha moción presentada o Pleno da Corporación o día 14 de agosto de 2003, polo Grupo Municipal Socialista e desestimada a súa urxencia, poden ser realizadas por calquer empresa de construción nun prazo de mes e medio, tempo que nos queda para chegada do verán. En Miño, 15 de abril de 2004".

Contesta a Presidencia que repetidas veces dixemos que esta obra é moi necesaria, e insistimos ante a empresa adxudicataria do servizo que se eran eles os

adxudicatarios das obras, que as executasen canto antes; un concelleiro do grupo de goberno interésase e pide a Espina e Delfín solucións para isto e non achega outras saídas que esta ampliación da captación da auga, imos esixir que por escrito nos indique a imposibilidade de afrontar algunha que outra obra, de todos modos, prepararemos un plan de emerxencia.

O concelleiro Sr. Herva Mallo indica que nun pleno de agosto do ano pasado, xa pediamos que se interesase de FADESA a realización desta obra, continúa, eu non son técnico, pero se hai ao parecer algunha solución, a prevista é custosa, pero poderíase facer outra captación paralela, para que aumentase a presión. O Sr. alcalde contesta que esta é unha solución que contemplamos, pero a empresa Espina&Delfín non nos deu esta solución, esixiremos as responsabilidades que proceda e quero por escrito a contestación axeitada.

- O concelleiro Sr. Abraira Sobrado roga que ademais das obras de FADESA; que se realicen bombeos auxiliares pra que non baixen os niveis dos tanques de abastecemento de auga potábel e antes de que haxa escaseza de auga, infórmese á poboación. Contesta a Presidencia que cando se dan avisos de cortes de auga, o que se fai é un consumo esaxerado, deben estar advertidos, pero en vez dunha boa acción, o mesmo o que conseguimos é un maior consumo.

- O mesmo concelleiro roga "axilización da posta en marcha das depuradoras de Calobre e Carantoña". A Presidencia contesta que houbo problemas con esta obra e estamos esperando que se nos entregue.

- O Sr. Cortizas Rodríguez dá lectura ao seguinte rogo: "Aplicase a Ordenanza de Circulación, aprobada en sesión plenaria o día 15 de decembro de 1999, onde no seu artigo 53 Veículos de transporte especiais di:

Apartado 2. En calquer caso, queda prohibida, salvo autorización municipal expresa, a circulación polas vías urbanas dos vehículos seguintes:

- a) Os que transporten mercadorías perigosas en tránsito.
- b) Os vehículos con un peso máximo autorizado superior os 8.000 kg.

En Miño, 15 de abril de 2004."

O concelleiro Sr. Rodríguez Vidal contesta que as mercadorías perigosas están obrigadas a circular pola autoestrada, e para subministrar combustible á Estación de Servicio de Miño forzosamente deben de pasar pola vila. A Presidencia sinala que aceptamos este rogo e discutíremolo.

- O Sr. Veiga Sabín fai as seguintes preguntas: "Temos noticias de que o Sr. Alcalde se entrevistou con algúns veciños do Concello propoñéndolles o seu nomeamento como Alcaldes de Barrio, e incluso algúns deles xa parecen estar exercendo o cargo. ¿Nomeou vostede algún Alcalde de Barrio?, ¿Pensa poñer en coñecemento da Corporación estes nomeamentos?

- Dende fai máis dun mes atópase neste Salón unha maqueta coas obras que vostede ten previstas para o Concello. ¿Por que está tapada cun plástico negro? ¿Por que non está exposta nun lugar máis visible -por exemplo no hall da planta baixa- para que os veciños poidan vela? ¿Non será porque nela aparecen algunhas actuacións ás que vostede xa renunciou?

A Presidencia sinala que lle contestaremos por escrito.

- O Sr. Abraira Sobrado pregunta ¿Cando se vai a por en funcionamento a Gardería municipal?

A concelleira Sra. Vilariño González contesta que ten previsto que no mes de setembro deste ano.

- O mesmo concelleiro pregunta: ¿Cal foi o motivo de non usar o galego no cartaz do "I Festival de las Mariñas"?

A Sra. Vilariño González contesta que foi un erro, polo que pide desculpas.

- O concelleiro Sr. Cortizas Rodríguez dá lectura á seguinte pregunta: "Reiterolle a pregunta que xa lle formulei o pasado 14 de agosto do ano 2003, con relación o selado do Vertedoiro de Gallamonde.

Onde vostede respostou que estaba pendente de execución por parte da Xunta de Galicia.

¿ Por qué razón agora na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, celebrada o pasado día 24 de marzo de 2004, no punto 2. Convenio para a recuperación do vertedoiro, volve a acordar firmar un novo convenio, cando aínda no está executado o aprobado por unanimidade polo Pleno o día 25 de novembro de 2002?

Si me vai respostar, que no anterior Convenio non figuraba o vertedoiro de lodos da depuradora de augas residuais, creo que dende a súa resposta anterior (14 de agosto de 2003) ata a data de hoxe, xa tiña que ter cumprido e executado o anterior convenio. En Miño, 15 de abril de 2004".

A concelleira e voceira da CIM Sra. Vilariño González contesta que foi un erro da Xunta e tivemos que asinar un novo convenio. A Presidencia sinala que é posible que se inclúa nesta obra o dos lodos da depuradora.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinteúnha horas, redactándose a presente acta, do que eu o secretario, dou fe.

O presidente

O secretario